



**1º**  
Primaria

## O mar de Galicia

### *O noso país ten moita costa, que é a terra onde se chega o mar*

O noso país ten moita costa, que é a terra onde se chega o mar. Na costa hai rías e hai praias.

Nós imos bañarnos no verán ao mar, onde pasamos todo o día. Muita xente déitase nas areas que hai nas praias, e toman o sol. Outros preferen nadar na auga.

Ás veces cando xogamos na area, por exemplo, facendo castelos cos cubos e as pás, vemos que hai moitos bichos saltando na area, unhas pulguiñas saltarinas que chaman pulgas de mar.

Seguro que tamén tes visto algúns deses bichos con cuncha moi dura de cor clariña, eses marisqueiros que se comen na casa e que se chaman berberechos e ameixas.

Cando te pos a xogar ápelota, ou cando das un paseo pola praia cos/as amigos/as tamén ves algúns paxariños e moitas gaivotas voando por riba da auga. Non é? Si, sempre hai aves no mar.

En vez de estar na area a torrarte coa calor, seguro que ti es dos/das que prefiren irse bañar na auga, para nadar e bucear. E a auga ás veces está moi fría, verdade? Tan fría que corta. É que o noso mar ten augas moi frías no verán.



**A**



**B**



### ***Cuestións e actividades***

Fai un listado dos animais e plantas que ves nas praias onde ti te vas bañar no verán.

E seguro que cando te bañas, ves moitos bichinhos nadando na auga, canda ti. Son os peixes, uns animais que só poden vivir nas augas do mar, como na das praias ou a dos peiraos onde están os barcos.

Non esquezas que na praia e no mar tamén hai plantas !

Si. Lembras que na parte d arriba da praia sempre hai unhas herbas medio secas no verán? Son as plantas das praias.

E seguro que tamén haste decatarse que na beira cando te vas meter na auga, ou cando te mergullas, ves unhas plantas de cores, que sempre están molladas. Son as algas. As algas son de varios colores. Hainas verdes, marróns e vermelhas.



**C**



**D**



Os animais  
do mar

*O polbo, a pescada  
e a sardiña...*


**1º**  
Primaria



**A**

**O polbo**

Vive entre as rochas  
Ten oito brazos con ventosas  
Come cangrexos e outros peixes



**B**

**A pescada**

Vive nas profundidades do mar  
Pode chegar a medir máis dun metro  
Come outros peixes máis pequenos



### ***Cuestións e actividades***

Debuxa a cada un dos animais dos que falamos.

#### ***A sardiña***

Viven xuntas en bancos de centos de sardiñas

Non mide máis de 30 cm.

Come larvas, ovos e peixes pequenos



**C**



10  
Primaria

## A Conservación dos alimentos

## Un pouco de historia



A



B

No seu longo camiño, as comunidades humanas procuraron formas e métodos diversos para a conservación dos alimentos evitando o seu deterioro pola acción dos microorganismos.

O tempo de duración dos produtos varía entre os diferentes métodos empregados, e nalgúns casos tamén das condicións ambientais existentes.

Imos a facer un percorrido polo tempo vendo como facían antes para conservar os alimentos para que durasen máis tempo.

**Sabedes que utilizamos agora para conservar alimentos na casa? Qué alimentos temos que conservar? Por qué?**

Antes de existir os frigoríficos, a xente para poder conservar os alimentos na casa empregaba diversos métodos:

- Secábase ao sol.
- Afumánbase con fume de loureiro.

Estes forón un dos primeiros métodos de conservación dos alimentos.



## **Cuestións e actividades**

- 1 O Sal e o azucre. Darlles a probar sal e azucre para que poidan diferenciar sabores.
- 2 A que sabe o mar?

### **Onde se secaban os alimentos? Onde se afumaban?**

Un dos métodos máis populares en Galiza durante moito tempo era o salgado. Consistía en pór os alimentos en sal, así se conseguía que a comida durara máis tempo.

O sal foi moi importante na antigüedad. Tal era a súa importancia que antes de existir o diñeiro, a xente pagaba con sal.

Moito tempo máis tarde apareceron as Conservas, que permitían gardar a comida en latas, duraban máis tempo e se podían levar de viaxe.

### **Que produto coñeces en conserva?**

Xa por último, apareceron os produtos conxelados que hoxe temos nas neveiras das nosas casas.

### **Decideme produtos que tedes no conxelador das vosas casas.**



C



D



**1º**  
Primaria

Unidades  
didácticas  
**2008**

